

# PROGRAMA DE ITALIANO

## OBXECTIVOS

A proba ten como obxectivo principal comprobar o coñecemento funcional que o alumno ten da lingua italiana a un nivel medio: deberá ser capaz de comprender un texto (un capítulo dun manual, un artigo dun xornal, dunha revista, un texto dunha obra literaria...) de analízalo, de sintetizar e relacionar os conceptos fundamentais, e de escribir a súa opinión ao respecto.

## ESTRUCTURA DO EXAME

O contido específico da proba é a comprensión dun texto de carácter coloquial, formal ou literario, a un nivel medio para o cal o alumno terá que coñecer a gramática italiana (morfoloxía, sintaxe e léxico) para poder resolver as cuestións propostas.

### a) Formato do exame

Propoñeráse un texto cunha extensión aproximada de 20/25 liñas (arredor de 300/400 palabras) sobre un tema de actualidade.

A partir do texto proposto formularanse 6 preguntas en italiano que terán que responderse tamén en lingua italiana sen ningún apoio de material didáctico nin dicionario.

### b) Tipoloxía das preguntas

1. Na primeira pregunta o alumno deberá propoñer un título que sintetice a idea básica do mesmo. O obxectivo básico desta pregunta é comprobar que o alumno sabe de que trata o texto e ao mesmo tempo que posúe capacidade de síntese. A pregunta, a modo orientativo, formularase da seguinte maneira: **Scriva in italiano una frase personale che sia un riassunto del testo.**

2. A segunda pregunta centrarase na comprensión das estruturas semánticas do texto e formularase do seguinte xeito: **Cosa significano le seguenti espressioni?**

3. A terceira pregunta pretende comprobar a comprensión progresiva do contido temático do texto proposto. Formularase aproximadamente así: **Con la informazione offertaci dal testo, risponda in italiano alle seguenti domande.**

4. Na cuarta pregunta, que tamén trata de verificar a comprensión progresiva do contido temático do texto, o alumno fará un comentario do texto proposto utilizando as súas propias opinións para demostrar que ten un uso funcional da lingua italiana. Deberá escribir unhas 15 liñas sobre un tema estreitamente relacionado co texto proposto. Isto quere dicir que o alumno non debe reproducir o texto senon todo o contrario: manifestar a súa opinión persoal ao respecto. Dun xeito orientativo a pregunta formularase así: **Con la informazione offertaci dal testo, risponda in italiano e con le proprie parole (minimo 15 righe) alla seguente domanda.**

5. Na quinta pregunta o alumno deberá completar os enunciados que aparecerán baixo o seguinte epígrafe: **Completare adeguatamente le seguenti frasi. Os enunciados deben relacionarse co contido do texto. Trátase de que o alumno faga un exercicio de comprensión do texto, e de que exprese de forma gramaticalmente correcta a parte do enunciado que debe completar aportando, se fose necesario, algún elemento expresivo persoal.**

6. A sexta pregunta será moito máis aberta cas anteriores e estará directa ou indirectamente conectada co texto. Nesta pregunta preténdese que o alumno poida expresar por escrito as súas propias opinións sobre a cuestión que trate o texto. O alumno deberá escribir aproximadamente unhas 80 palabras (máximo 100 palabras, mínimo 70). Esta pregunta formularase dun xeito parecido ao seguinte: **Scriva le sue opinioni con riguardo al testo proposto.**

### **c) Puntuación das preguntas**

Primeira pregunta.....	1 punto
Segunda pregunta.....	1 punto
Terceira pregunta.....	1 punto
Cuarta pregunta.....	1 puntos
Quinta pregunta.....	3 puntos

Sexta pregunta..... 3 puntos

#### **d) Criterios de avaliación**

Terase en conta fundamentalmente a comprensión e expresión escrita, a corrección gramatical, a riqueza do léxico empregado, a aportación de elementos expresivos persoais, a coherencia, a ordenación lóxica na exposición do discurso e a capacidade do alumno para transmitir a súa mensaxe.